

MARÉ

ESCRITA ■ O presidente da AELG presentou o encontro de creadores que se celebrará en Oleiros

As "inquietudes" das novas xeracións

O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, presentou onte o IV Encontro de Novos Escritores que terá lugar os días 20 e 21 de novembro no Castelo de Santa Cruz (A Coruña).

Acompañado polo vicepresidente da asociación, Antía Otero, Sánchez recalcou que se trata dunha reunión que servirá para "consolidar" as amizades feitas en anteriores anos e para "coñecer as inquietudes" das novas xeracións de escritores. Coa participación de Iolanda Zúñiga, Inma

López Silva, Alicia Fernández, Carlos Vinagre ou Elvira Riveiro, a cita servirá para "presentar voces novas", comentou Otero.

Por outra banda, Cesáreo Sánchez fixo especial fincapé na necesidade de que, "a xente que está empezando", teña, na súa opinión, a sensación de que "pertence a unha colectividade e que non está soa".

A segunda mesa redonda leva o nome de *Noticias de poesía última*, na que participarán Andrea Núñez, Gonzalo Hermo e Alicia Fernández. ● EUROPA PRESS